



BOP

VENRES, 6 DE MARZO DE 2020

N.º 054

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Lara Rodríguez Gasalla solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.63032.

As obras solicitadas consisten na reparación dunha canle existente de derivación de augas do río Baos; no lugar das Plazas, na parroquia de Santa María de Lourenzá, no concello de Lourenzá (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Lourenzá ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 27 de febreiro de 2020.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0504

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Por acordo do Pleno de data 28 de novembro de 2019, aprobouse definitivamente o Estudo de Detalle do Casco Antigo do Núcleo de Cervo (Lugo), Concello de Cervo, que ten por obxecto completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes na rúa da Aldea ao carecer o planeamento vixente do grado de definición requirido para acometer a concesión directa de licencias.

En cumprimento do disposto nos artigos 82 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 199 do seu regulamento, publícase a continuación o texto dos documentos que o integran, así como o índice de planos do Estudo de Detalle definitivamente aprobados.

MEMORIA EXPLICATIVA

O ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE

O concello de Cervo está situado ó noroeste da provincia de Lugo, no extremo norte da comunidade autónoma de Galicia. Forma parte da comarca da Mariña Occidental, xunto cos concellos de O Vicedo, Viveiro, Xove e Ourense.

O concello limita ao norte co Mar Cantábrico, ao oeste co concello de Xove, ao leste cos concellos de Burela e Foz e ao sur co concello de O Valadouro.

Ten unha superficie de 77,86 km², repartidos en 6 parroquias; Castelo (San Xiao), Cervo (Santa María), Lieiro (Santa María), Rúa (Santa María), Vilaestrofe (San Román) e Sargadelos (Santiago).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIENCIA DA REDACCIÓN DO PRESENTE ESTUDO DE DETALLE

En aplicación da Disposición transitoria primeira da LSG ao planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor de dita lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesma, conforme ás seguintes regras:

“a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) da LSG, aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano consolidado.

b) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17. b) da LSG, aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano non consolidado.”

O artigo 17 da LSG establece as diferentes categorías do solo urbano.

“a) Solo urbano consolidado, integrado polos terreos que reúnan a condición de solar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo plan urbanístico, poidan adquirir dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse de forma simultánea coas de edificación.

b) Solo urbano non consolidado, integrado pola restante superficie de solo urbano...”

As parcelas integrantes do ámbito do plan especial teñen acceso rodado de uso público e conexión coas redes de servizos e infraestruturas existentes reunindo as características de solar. Polo que o ámbito se clasifica como solo urbano consolidado.

A LSG establece no seu artigo 79, que os estudos de detalle poderán formularse en desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais coa finalidade de completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes como é caso que nos ocupa.

O contido do presente ESTUDIO DE DETALLE axústase ao disposto no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG (art.193).

PROPOSTA DE ORDENACIÓN

A necesidade de acometer a concesión directa de licenzas unha zona do núcleo urbano de Cervo, na que o planeamento vixente carece do grado de detalle suficiente, fai preciso a elaboración dun Estudo de Detalle sobre aliñacións e rasantes, tal e como contempla a ordenanza de aplicación na zona.

O ámbito do ESTUDIO DE DETALLE conta cunha superficie total de 37.030 m², dos cales se propón destinar a viario un total de 3.201 m². A delimitación proposta no plano de ordenación EDO-01, trata de respectar as edificacións e peches tradicionais existentes, características do entorno, así como o espazo libre existente na Praza Souto. Tampouco modifica a ordenanza dotacional existente ao noroeste do ámbito.

DISTRIBUCIÓN DE SUPERFICIES

ZONA	ORDENANZA DE APLICACIÓN	SUPERFICIE
ZONA 1	Casco antigo (CA)	28.017
ZONA 2	Dotacional (D1)	1.173
ZONA 3	Sistema viario	6.157
ZONA 4	Espazo libre	1.798
TOTAL		37.030

En tal sentido, a proposta de ordenación dá resposta ao obxectivo único do ESTUDIO DE DETALLE e, mantendo o carácter tradicional do casco antigo, aporta a definición necesaria ás aliñacións existentes no seu no interior.

CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN

O presente apartado contén as condicións pormenorizadas de aplicación ás edificacións situadas no ámbito do presente Estudo de Detalle.

OBRAS PERMITIDAS

Nas edificacións existentes permítense obras de restauración, conservación, consolidación e rehabilitación. Admítense obras de nova planta, unicamente cando se trate de colmatar soares baleiros ou por substitución da edificación en casos de ruína.

CONDICIÓN DE POSICIÓN E OCUPACIÓN

a) PARCELA MÍNIMA

Con carácter xeral manterase a estrutura parcelaria actual, porén, previo informe e vinculante da Consellería de Cultura, admítense a agregación de parcelas colindantes e en número máximo de dúas, cando algunha delas conte cunha fronte igual ou inferior a 4 metros, ou cando tendo fronte superior, a superficie non acade os 40 m².

b) TIPOLOXÍA

Con carácter xeral mantéñense as tipoloxías con patios, hortas ou xardíns privados vinculados a construcións tradicionais, de xeito exento ou apegado.

c) ALIÑACIÓNS E RASANTES

Con carácter xeral mantéñense as aliñacións e rasantes actuais, salvo os reaxustes nas aliñacións grafadas no plano EDO-1, conservando en todo caso os muros tradicionais existentes como parte identificativa do entorno. Estas aliñacións terán a consideración de aliñacións oficiais.

Para as edificacións existentes as liñas de edificación interior e exterior mantéñense.

Nas novas edificacións nas que se aplique a tipoloxía apegada, as liñas de edificación exterior e interior equipararanse ás das edificacións colindantes. Na tipoloxía exenta, a liña de edificación exterior situarase como mínimo a 3 metros da aliñación oficial.

d) OCUPACIÓN MÁXIMA

Tipoloxía apegada

A ocupación da parcela virá definida polas aliñacións exteriores e pola liña de edificación interior definida no apartado anterior.

Tipoloxía exenta

A ocupación máxima da parcela será do 30 %.

A edificación recuarase de tódolos lindeiros un mínimo de 3 metros.

e) CONDICIÓNS DE VOLUME

ALTURAS DE EDIFICACIÓN

Para as edificacións existentes respéctanse as alturas actuais. Para as novas edificacións permitidas por aplicación desta ordenanza, a altura de cornixa deberá equipararse ás das edificacións tradicionais existentes, e en ningún caso superará os 7 metros, equivalentes a baixo e planta.

A liña de cornixa e plantas será continua e igual para tódalas edificacións dun mesmo fronte non permitíndose actuacións de altura inferior á máxima.

VOOS

Con carácter xeral unicamente se autorizan os voos correspondentes a cornixas e aleiros.

As cornixas serán coherentes coas tradicionais do entorno.

Poderán autorizarse voos para a formación de galerías ou balcóns de carácter tradicional, cando se xustifique a súa existencia na rúa onde se sitúe a nova edificación. Neste caso o saínte do voo equipararase aos dos colindantes, non superando os 30 cms.

f) SOTOS E SEMISOTOS

Nas novas edificacións permítese a construción de sotos ou semisotos cando existan nas edificacións colindantes e/ou cando a súa construción permita unha mellor adaptación da edificación á topografía do terreo.

Autorízanse sotos e semisotos cumprindo as condicións seguintes:

Terá a consideración de soto a planta da edificación, situada por debaixo doutra planta, na cal a cara inferior da placa que forma o seu teito queda por debaixo do nivel da rasante en calquera punto das súas fachadas, excluindo o punto en que se sitúe o acceso cando o uso deste sexa aparcadoiro, e sempre que a súa fronte non ocupe máis do 50 % da fachada, nin máis de 6 metros, admitíndose esta excepción unicamente nunha das fachadas do edificio. Considerarase semisoto aquela planta da edificación situada por debaixo da planta baixa, na cal a distancia vertical desde a cara superior da placa que forma o seu teito ata o nivel de rasante é igual ou inferior a 1 metro en calquera punto das súas fachadas, excluindo o punto en que se sitúe o acceso cando o seu uso sexa aparcadoiro, e sempre que a súa fronte non ocupe máis do 50 % da fachada nin máis de 6 metros, admitíndose esta excepción unicamente nunha das fachadas do edificio.

A altura libre entre pavimento rematado e teito estará comprendida entre 2,20 metros e 3,00 metros, ambas inclusive.

Prohíbese en todo caso o uso residencial en sotos e semisotos (artigo 43.1 da lei 2/21016, do solo de Galicia).

Terán ventilación suficiente que segundo os usos verá determinada polo DB-HS 3 (Calidade do aire interior) do CTE.

Garantirase a impermeabilización e estanquidade dos mesmos segundo se establece no DB-HS 1 (Protección fronte a humidade) do CTE, debéndose establecer esta obriga na primeira e sucesivas transmisións da propiedade.

De conformidade co establecido no artigo 41.4.a) da lei 2/21016, do solo de Galicia, as plantas soto e semisoto computarán edificabilidade, coa única excepción das superficies construídas no subsolo con destino a rochos de

superficie inferior a 10 metros cadrados vinculados ás vivendas do edificio, a aparcadoiros ou a instalacións de servizo como as de calefacción, electricidade, gas ou análogas.

g) APROVEITAMENTO BAIXO CUBERTA

Nas novas edificacións permítese os aproveitamentos baixo cuberta, cumprindo as condicións seguintes:

Por enriba da altura máxima de cornixa, permítese a construción de cubertas e de calquera elemento das instalacións do edificio cuxa situación por enriba da altura máxima de cornixa resulte obrigada por motivos técnicos (chemineas de ventilación e extracción de fumes, antenas, escaleiras de conservación de cubertas, pararraios, paneis fotovoltaicos ou similares).

Os elementos enumerados no punto anterior, deberán recuarse da fachada de forma que non sexan visibles dende a rúa. Se fose imposible cumprir esta condición, deberá xustificarse razoadamente a súa necesidade na solicitude da licenza e, en todo caso, deberán recuarse como mínimo 2 metros dende a liña de fachada.

A cuberta poderá ser plana ou construída mediante planos inclinados, en cuxo caso os faldróns arrincarán desde a altura máxima en liña de fachada, cunha inclinación non superior a 30° sesaxesimais e non poderán exceder a altura da cumieira en máis de 3,6 metros desde a cara superior do último forxado. Non se permitirán en ningún caso crebas na pendente de ningún dos faldróns.

No espazo baixo cuberta autorízanse os usos compatibles cos definidos na ordenanza correspondente. Tamén poderán autorizarse usos non vivideiros como rochos, tendedeiro a cuberto e as instalacións indicadas nos puntos anteriores. Segundo o uso ao que se destine, deberase dar cumprimento aos códigos de edificación e normas de habitabilidade ou actividade

A superficie construída dos aproveitamentos baixo cuberta computarase a partir dunha altura mínima de 1,80 metros, de conformidade co artigo 64.5 do decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia.

h) EDIFICACIÓNS AUXILIARES

Ten a consideración de edificación auxiliar aquela vinculada a outra edificación situada na mesma parcela que non pode ser segregada nin utilizada independentemente daquela por terceiros. Permítese edificacións auxiliares, destinadas a garaxe e rocho.

Estas edificacións serán de planta baixa, cunha altura máxima de 3 metros e cunha ocupación máxima en planta de 40 m².

Estas edificacións poderán situarse exentas, en contacto co peche do lindeiro sen prexuízo a terceiros ou apegadas á edificación principal sempre que non se sitúe a menor distancia da aliñación oficial que a fachada que dea fronte ao vial.

As instalacións auxiliares tales como piscinas, pérgolas ou pistas deportivas non terán a consideración de edificación para cómputo de edificabilidade.

CRITERIOS COMPOSITIVOS

De conformidade co indicado na ordenanza de Casco Antigo das normas subsidiarias de planeamento do concello de Cervo, deberá potenciarse o tratamento de fachada característico da zona, segundo os seguintes criterios básicos:

-O tratamento de fachada deberá ser consonante e uniforme ao obxecto de lograr unha homoxeneidade compositiva en todo o entorno.

-A fachada tratarase en pedra natural con panos rebocados de tons claros ou semellantes.

-A carpintería será preferentemente en tons claros ou brancos, e seguiranse as recomendacións da Guía de Cor e Materiais elaborada pola Xunta de Galicia.

ÍNDICE DE PLANOS DE INFORMACIÓN E DE ORDENACIÓN

DENOMINACIÓN DO PLANO

EDI-01	SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO	
EDI-02	DELIMITACIÓN DO ÁMBITO	
EDI-03	ORTOFOTOMAPA 1957-2017	
EDI-04	PLANEAMENTO VIXENTE	1
EDI-05	PLANEAMENTO VIXENTE:ALTURAS E FONDOS MAXIMOS	
EDI-06	ESTRUTURA PARCELARIA	
EDO-01	ORDENACIÓN PROPOSTA	
EDO-02	INTEGRACIÓN NO PLANEAMENTO	

Cervo, 28 de febreiro de 2020.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0505

COSPEITO

Anuncio

Mediante Resolución núm. 2020-0100 o Sr Alcalde acordou, de conformidade co establecido nos artigos 43, e 44.1 e 2 e 47.2 do ROF:

PRIMEIRO.- Procederáse á apertura e valoración de ofertas económicas e demais criterios evaluables de forma automática en función dos criterios aplicables no presente contrato (expte. 472/2019), de acordo co establecido na cláusula 15.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, **o día 26 de febreiro de 2020 ás 10:030 horas no Salón de sesión da Casa Consistorial sita en Avda. Terra Chá, 29, Feira do Monte (Cospeito), segundo o publicado na plataforma de Contratos do Sector público**

SEGUNDO.- Delegar en D. Álvaro Puente Seijas, concelleiro de Obras e infraestructuras xerais, a competencia das funcións da Alcaldía aos efectos da celebración da mesa de contratación que se deberá constituir para o acto de apertura e valoración das ofertas o día antes indicado.

Cospeito, 28 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 0506

LUGO

Anuncio

O Pleno do Concello de Lugo, en sesión celebrada o día 30 de xaneiro de 2020 aprobou inicialmente a **“Modificación da Ordenanza Municipal de Circulación”** e acordou o sometemento do expediente ó trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES para a presentación de suxestións e reclamacións, mediante anuncios para inserir no Boletín da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Na súa virtude, e de conformidade co disposto no art: 49 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, queda aberto o trámite de información pública e audiencia referido, que se iniciará a partir do día seguinte hábil ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia; as suxestións e reclamacións que, de ser o caso, se formulen, deberán dirixírselle á Excm. Alcaldesa Presidenta do Concello, e poderán presentarse nos rexistros e oficinas autorizados no art: 16.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O expediente atópase na Sección de Policía e Transportes, sito na primeira planta da sede da Policía Local, en rúa das Artes, 33-35.

En caso de non presentarse suxestións ou alegacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, e procederáse a súa publicación, comunicación e notificación regulamentarias, e deberase, así mesmo, darlle conta ao Pleno da Corporación.

Lugo, 27 de febreiro de 2020.- O SECRETARIO XERAL DO PLENO, Rafael José del Barrio Berbel.

R. 0361

RÁBADE

Anuncio

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 1º bimestre do exercicio 2020.

Por Decreto da Alcaldía de data 26 de febreiro de 2020, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó primeiro bimestre do exercicio 2020, cuxo importe total ascende á cantidade de “76.082,12” (setenta e seis mil oitenta e dous con doce) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 20 de decembro de 2019 ó 28 de febreiro do 2020.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde

o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 26 de febreiro do 2019.- O alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0507

POL

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 3 de febreiro de 2020, prestouse aprobación ao Padrón da taxa por recollida de lixo, correspondente ao terceiro trimestre do ano 2019.

Por medio do presente edicto, realízase notificación colectiva das respectivas débedas tributarias nos termos que se establecen polo artigo 102.3 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O pagamento en período voluntario deberá facerse efectivo na forma e nos prazos que se establezan polo Servizo de Recadación da Deputación Provincial de Lugo entidade na que se ten delegado esta competencia por parte do Concello.

Pol, 24 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 0508

O VALADOURO

Anuncio

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 OPERARIO-CONDUTOR DE MAQUINARIA E VEHÍCULOS PESADOS E 2 OPERARIOS-CONDUTORES PARA O MANEXO DO TRACTOR DESBROZADOR PARA O SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTENIMENTO DE ESPAZOS NATURAIS) AO ABEIRO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2020

PRIMEIRA.— OBXECTO E NORMAS DE APLICACIÓN

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a través do proceso de selección de concurso-oposición, de 3 traballadores (1 operario-condutor de maquinaria e vehículos pesados e 2 operarios-condutores para o manexo do tractor desbrozador para o servizo de protección e mantemento de espazos naturais) para a realización de diversos traballos ó abeiro do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020.

As probas selectivas para o acceso ás convocadas seralles de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO LABORAL CONVOCADO

O número de postos de traballo, a súa denominación e características relaciónanse de seguido:

Número e denominación dos postos: (1 operario-condutor de maquinaria e vehículos pesados e 2 operarios-condutores para o manexo do tractor desbrozador para o servizo de protección e mantemento de espazos naturais)

Servizo de protección e mantemento de espazos naturais.

Modalidade contractual: A modalidade de contrato de traballo temporal a tempo completo durante 6 meses, dende o 15 de abril ata o 15 de outubro de 2020.

Funcións:

1 traballador operario-condutor de maquinaria e vehículos pesados - Servizo de Protección e mantemento de espazos naturais, traballos diversos tales como:

- o Manexo de maquinaria e vehículos pesados.
- o Axudar a combater a ameaza dos incendios forestais.
- o Mantemento e renovación de parques, xardíns e áreas naturais referenciados na Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.
- o Calquera outra función relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico.

2 traballadores, operarios-condutores para o manexo do tractor desbrozador para o servizo de protección e mantemento de espazos naturais, traballos diversos tales como:

- o Manexo de tractores desbrozadores.
- o Axudar a combater a ameaza dos incendios forestais.
- o Mantemento e renovación de parques, xardíns e áreas naturais referenciados na Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.
- o Calquera outra función relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico.

- Retribucións: As retribucións que correspondan segundo o Convenio Correspondente.

TERCEIRA.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Tódolos requisitos así como os méritos alegados para o concurso, deberán reunirse á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2. Con carácter xeral os aspirantes, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias, deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados Membros da Unión Europea, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros co residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con diversidade funcional cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

3. Serán requisitos específicos:

1 traballador operario-condutor de maquinaria e vehículos pesados - Servizo de Protección e mantemento de espazos naturais

- o Permiso de conducir clase C.
- o Certificado de aptitude profesional (CAP) no caso de ser obrigatorio de conformidade co réxime transitorio establecido na Disposición Transitoria Segunda do Real Decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula

a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos dedicados ao transporte por estrada.

2 traballadores, operarios-condutores para o manexo do tractor desbrozador para o servizo de protección e mantemento de espazos naturais :

- o permiso de conducir clase B.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria.

2.- Os aspirantes con algunha diversidade funcional terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante fax (982 574303) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias

4.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- o Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- o Copia compulsada do permiso de conducir esixido.
- o Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.
- o Celga 2 ou deberán superar un exame de galego coa cualificación de APTO.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, tódolos documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa de dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Non poderán participar na presente convocatoria aquelas persoas que teñan prestado servizos no Concello do Valadouro con carácter temporal por un período de 18 meses nos últimos 24 meses, con independencia de que a relación laboral tivera ou non continuidade en dito período.

QUINTA.—ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días hábiles que conterá:

- o A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.
- o A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución
- o A data, hora e lugar en que se realizará a proba práctica, valoración de méritos e, de ser o caso, proba de galego.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica.

2. Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

3. Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4. De non haber excluídos ou se non se presentaran reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

5. A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base 9ª.

SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal cualificador estará integrado do seguinte feito:

- Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.
- Secretario: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.
- Vogal: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convócate, cando conorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da lei citada.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

SÉTIMA.—PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

O proceso de selección: Concurso- oposición

FASE DE CONCURSO: O Tribunal terá en conta os méritos alegados e acreditados, de acordo co seguinte baremo:

Cursos e outras actividades de formación relacionados coas funcións do postos (**máximo 1,00 puntos**) Acreditarase mediante copia do Título, Diploma ou certificación.

- a) Cursos de duración igual ou inferior a 10 horas ou duración non acreditada: 0,05 puntos por cada un.
- b) Cursos de máis de 10 horas e ata 25 horas: 0,10 puntos por cada un.
- c) Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,15 puntos por cada un.
- d) Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,20 puntos por cada un.
- e) Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,25 punto por cada un.
- f) Cursos de mais de 150 e ata 200 horas: 0,30 puntos por cada un.

g) Por cada curso de mais de 200 horas: 0,35 puntos.

Experiencia profesional (**máximo 3,00 puntos**) Acreditarase a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas e a duración.

- Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade pública.....0,40 Puntos.
- Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade Privada.....0,10 Puntos.

FASE DE OPOSICIÓN: Proba Práctica. (Máximo 6,00 Puntos)

Realizarase unha ou varias probas prácticas sobre as funcións a realizar.

OITAVA.- ELABORACIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA LISTA DE RESERVA.

Co fin de asegurar a cobertura das prazas convocadas, no caso de que se produzan renuncias de algún dos aspirantes seleccionados, con anterioridade ou posterioridade ao nomeamento ou á toma de posesión, o órgano de selección elaborará unha proposta complementaria (lista de reserva) na que figurarán os/as aspirantes por orde de puntuación acadada e sempre que tiveran superado o proceso selectivo.

Cando sexa necesario proceder aos correspondentes chamamentos ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar, enviándolle un telegrama, burofax ou aquel outro sistema de comunicación fehaciente equivalente, dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao ofertado. Así mesmo tentarase comunicar por telefono coa finalidade de acurtar os prazos. Se non se recollese o telegrama ou comunicación efectuada equivalera a renuncia ao ofertado e procederase a chamar ao seguinte da lista.

Cando se produza o cesamento dun integrante da lista, este reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.

NOVENA.-APORTACIÓN DE DOCUMENTOS

No prazo de dous días hábiles seguintes á data de publicación do resultado de selección, os aspirantes propostos deberán xustificar que reúnen os requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria, presentando documentos que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, é dicir:

- a) Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento da súa función.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se o aspirante proposto tivese a condición de diversidade funcional acreditará mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións da praza.

Se no prazo sinalado, salvo casos de forza maior, algún dos aspirantes propostos non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ao seu nomeamento, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incurso por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

DÉCIMA.—NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación sinalada no apartado anterior, o Presidente da Corporación, fará o nomeamento a favor das persoas propostas polo Tribunal Cualificador.

UNDÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou mesmo fraccionado a xornada se fose preciso, e de acordo coa lexislación aplicable.

DUODÉCIMA.- BOLSA DE EMPREGO.

A lista complementaria de reserva prevista na base 8ª constituirase nunha bolsa de emprego, á que se acudirá para o caso de que algunha praza contratada ao abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza (referida a estas prazas)

DÉCIMO TERCEIRA.—NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de medidas para a reforma da Función Pública, na Lei de emprego público de Galicia, no Real Decreto 896/1991, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración do proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como das actuacións dos tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.^a....., con
 DNI....., nado/-a(data nacemento), veciño/-a
 de....., con enderezo a efectos de notificación
 en.....
 teléfono.....,

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura de unha praza de (Sinale con un aspa a praza/s para a cal/es solicita a participación)

- OPERARIO-CONDUTOR DE MAQUINARIA E VEHÍCULOS PESADOS PARA O SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS
- OPERARIO-CONDUTOR PARA O MANEXO DO TRACTOR DESBROZADOR PARA O SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:

(relación de documentación esixida e de méritos alegados)

Polo tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o/os posto/s arriba indicado/s.

O Valadouro,, de de 2020

(sinatura)

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VALADOURO

O Valadouro, 28 de febreiro de 2020.- O alcalde, Edmundo Maseda Maseda

R. 0509
